

## Guía sobre as probas de acceso a 1º Curso de Grao Profesional <sup>1</sup>

Curso 2021/22

- **DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS**

Para todas as especialidades, agás para a de Canto, a proba constará de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.
- B) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Os exercicios correspondentes á parte de linguaxe musical serán iguais para todos os candidatos e para todos os tribunais das distintas especialidades.

No caso da especialidade de Canto, as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación de tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico.
- B) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.

- **SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA**

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- **CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.

---

<sup>1</sup> **Lexislación aplicable:** Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

- **OBSERVACIÓNS**

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resgardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización do exercicio A) da proba, no caso de que o repertorio presentado requira de acompañamento pianístico, este correrá a cargo do aspirante á praza. O centro poderá poñer a disposición dos candidatos que o soliciten un servizo de pianista acompañante. Dita solicitude deberase facer constar na inscrición da proba.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lápiz e goma.

As medidas de seguridade e hixiene específicas que todos os aspirantes deberán seguir por mor do COVID-19 publicarase na web do centro, na convocatoria das probas de acceso a 1º curso de grao profesional.